
A RATIÑA PRESUMIDA

Adaptación teatral de JOSÉ A. LÓPEZ PARREÑO 'RODORÍN'

Fotografías de PABLO MESTRE

Tradución de MARISA NÚÑEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

A ratiña presumida (galego)

ISBN 978-84-8464-130-8. Os contos do trasno.

La ratita presumida (castelán)

ISBN 978-84-8464-154-4. Cuentos tradicionales.

História da Carochinha (portugués)

ISBN 978-989-8205-08-7. Contos tradicionais.

La topolina civettuola (italiano)

ISBN 978-88-95933-18-4. I racconti tradizionali.

Había unha vez unha ratiña que todas as mañás varría a casa e o portal. E sempre que varría, cantaba:

«La, lará, lariña... varro a casa...»

Un día, cando estaba varrendo a casa, atopou unha moeda de ouro... E pensou...

«Mercarei, mercarei... moitas lambonadas!»

«Non, non, non, que me chamarán lambona.»

«Mercarei, mercarei... unha gorriña!»

«Non, non, non, que me tapará as orellas.»

«Xa sei: mercarei un laciño!»

“A ratiña presumida” é unha orixinal adaptación do conto tradicional que nace dun espectáculo de monicreques que José Antonio López Parreño ‘Rodorín’ representa dende hai máis de vinte anos.

Na montaxe teatral os personaxes identifícanse con instrumentos musicais rústicos: a ratiña é unha campaiña de timbre agudo; o touro, unha ruidosa choca; o galo, un alegre axóuxere...

A musicalidade e a eufonía do texto desempeñan un papel importante, xa que se trata dun conto pensado para ser lido, contado e cantado. Ademais, invita o público infantil a reinventar as historias de sempre a partir dos obxectos cotiás.

Tomando como referencia a metodoloxía de Bruno Munari, os xogos de luces e de sombras contribúen a plasmar o paso do tempo.

A partir desta versión, a Asociación BATA de Tratamento do Autismo realizou unha adaptación con pictogramas publicada na colección Makakiños -para persoas con necesidades de apoio educativo- que foi ilustrada por Alicia Suárez.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** reinterpretación do conto tradicional.
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Aspectos destacables:** personaxes representados con instrumentos musicais; teatro, marionetas; musicalidade; adaptado ao sistema de pictogramas (colección [Makakiños](#)).
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-ratinha-presumida-g>

José Antonio López Parreño, Rodorín

(Madrid, 1965)

Narrador e contacontos, especialista en monicreques, teatro de sombras e retablos de monifates. Traballou como mestre de educación primaria en colexios e granxas-escola. Hai máis de vinte anos que se dedica ás actividades de animación á lectura, primeiro co Grupo Rodari e posteriormente en solitario co nome artístico de Rodorín. “A ratiña presumida” foi o seu primeiro libro publicado.

Pablo Mestre

(Boicarent, Valencia, 1970)

Estudou Enxeñería Técnica e Deseño Industrial na Escola Superior de Deseño do CEU San Pablo. Realizou o deseño gráfico da Escola Gençana de Valencia, ademais de colaborar con figuras destacadas do eido da literatura infantil como Miguel Calatayud. “A ratiña presumida” foi o seu primeiro traballo como ilustrador.

<http://www.pablomestre.com>

